

Luces de noso nas mornuras e nas resistencias das noites do noso chan. E nos días. Ritmos de luces compartidas. Solidarias. Luces para a luz total que vive nos mesmos problemas. Nas solucións e na propostas. Abrazando as mesmas realizacións. Proxectos con traxectos. Galiza. Luz que nomea. Vagalumes. Na mornura dos de abaixo. Desde abaixo. Por Tabeirós-Terra de Montes. Paso a paso. Na Lingua e na Cultura. Pobo do galego. Abrazando esperanzas construídas.

## AC Vagalumes



Boletín  
Asociación  
Cultural  
Vagalumes

Cuarta feira,  
26 de xaneiro  
de 2017  
**Número 1**

# Quen somos?

## Na defensa da lingua e da nosa cultura



**David Otero**

**A** AC VAGALUMES xorde a maior intensidade e así se establece na suma para un común proxecto da comarca Tabeirós/Terra de Montes, ao andar da Plataforma Estradense QUEREMOS GALEGO. Faino na intencionalidade de defensa da nosa Lingua Galega desde os referentes dos directos ataques institucionais, gobernamentais, que se publican para cumprimento a través de decretos e de disposicións oficiais (e que polo medio, e por riba, para aparentar non selo, ataques á nosa lingua, se escenifiquen como falsas reparacións ou xustificacións entre os non poucos cinismos e as moitas hipocrisías invocando liberdades) e asemade coa Lingua, así implícito, na defensa tamén da nosa Cultura, Memoria, Patrimonio, Historia e Tradicións.

Nas súas propostas a AC Vagalumes incide, por inmediatez e necesidade, na tarefa de normalización lingüística e cultural da comarca de Tabeirós/Montes e así activa e mediatiza co fin de as visibilizar progresiva e comprensivamente no vivir veciñal da mesma. Tense a des-

taque, dentro do marco antedito, unha atención especial ao Patrimonio e á recuperación da memoria histórica activa e comunal desta comarca. Desexamos intervir, pois sabemos dos conflitos, na xestión da integración do noso facer na vida, na cultura, na lingua, na historia, na memoria, nas tradicións, a través de propostas interdisciplinares abertas e participativas para construír pobo e camiñar así sendo máis nós con confianza. Imos nunha proposta global e integradora orientada a norte de normalización determinado que se realice en espazos que pretenden lucidez na esperanza en clave de soberanía.

Sabemos do noso idioma como portador de cosmovisións e, xa que logo, tratamos de nos facer cargo de nós mesmos. Identidade e Pobo. Desexamos que desde nós, nos nosos saberes, na Lingua e na Cultura propia, saibamos como vivir e así afirmémonos, restauremos e definámonos galegas e galegos na construción de pobo determinado. Para iso nós, a AC Vagalumes,

creamos momentos para tempos de construción e niso motivamos posibilidades de crítica e debates como deber de participar, estando en contextos e lugares de intencións de normalización cidadá. Lugares, actos e realizacións onde se poidan crear pensamentos, formas de nos entender, sentimentos e desgrazadamente, por así estármolo sufrindo, argumentos consistentes para afortalar a resistencia de por sermos.

Defendemos a nosa memoria e así traballamos para a reparación necesaria da mesma, a verdade, para falar de cidadanía e non de vencidos e vencedores, pois ben sabemos, por moito que nolo digan do revés, que na nosa Comarca como en Galiza, a guerra civil aínda vive. Tratamos de ser teimosamente reflexivos e así levar adiante as nosas propostas no referente das responsabilidades compartidas e significamos que a crítica non se pode facer lonxe da realidade (iso non dá moita autoridade) e polo mesmo motivamos ao maior coñecemento

**A AC VAGALUMES  
INCIDE NA TAREFA  
DE NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA E CULTURAL  
DA COMARCA DE  
TABELIRÓS/MONTES**

da nosa realidade. Nesa comprensión. Pobo a pobo. Pobo con pobo.

No máis específico que aquí nesta exposición nos trae, poñemos a destaque dous puntos importantes, un, a responsabilidade da defensa da Lingua Galega e outro, a difusión das nosas letras no espazo de Tabeirós/Terra de Montes.

No tocante á defensa da Lingua, integrámonos na Plataforma Queremos Galego e así promovemos mobilizacións, presenzas reivindicativas nas rúas estradenses, reparto de materiais referidos ao noso idioma, participacións nas manifestacións sobre a temática do idioma en Compostela, así como actos nos entroidos co "Enterro do Decreto", "O Burrador", recollidas de sinaturas e celebración de mesas redondas sobre esta liña temática da defensa da Lingua. Tamén instamos o Concello de A Estrada ao uso da toponimia axeitada e



á presentación para coñecelo e sabelo (cousa aínda non feita) do Plano de Normalización Lingüística do Concello.

No referente á difusión das nosas letras, temos que distinguir propostas por unha banda referidas a autoras e autores da nosa comarca (novos e clásicos) e, pola outra, a autoras e autores galegas e galegos. Pola parte dos primeiros, levamos a cabo presentacións de libros, recitais e encontros. En especial, actos a Cabada Vázquez, García Barros, Xoseme Mosquera e Olimpio Arca Caldas (deste destacaremos a proposta ao Concello de A Estrada para que se cre o CERTAME DE TEATRO que leve o nome de Olimpio Arca e así neste pasado ano fixemos coa nosa iniciativa e coa colaboración dos centros de Ensino a Iª Mostra de Teatro).

En canto ás autoras galegas e autores galegos fixemos actos a Uxío Novoneira (recital público da súa obra na

Estrada e participación no roteiro ao Caurel), a Xosé Neira Vilas (lectura pública de *Memorias dun Neno Labrego*), a Rosalía (celebración do seu día, 24 de febreiro, con representacións teatrais, lecturas nas rúas), a Castelao (polo 125 aniversario, polo centenario da voda con Virxinia Pereiras, realización do roteiro Virxinia Pereiras, *Alba de Gloria*, presentación de libros e campaña pola ILP na defensa do dereito ao coñecemento da súa obra).

Ao ir do antedito, tamén fomos realizando roteiros como: "Meluradeando", indo polas rúas da Estrada e parándonos naqueles lugares con referencias literarias e históricas. "Toda a Terra na nosa palabra", viaxe pola memoria e obra dos Irmáns Valladares e Manuel García Barros, recitando obras súas con interven-

ción musical de Xían Pericán, Os Revoltas do Ulla, o concerto de guitarra no Centro Social de Berres a cargo de Isabel Sanmartín e pola tarde no Areal a intervención de Mini e Mero. "Entre Berres e Calobre", roteiro a través da vida e obra de Manuel G Barros. "*Alba de Gloria*", con benvinda a cargo, entre outros, de Pilar García Negro, Carlos Solla, Xosé Lois Santos Cabana ou Miro Villar e subida ao Pico Sacro por vésperas do Día da Patria con celebración compartida da lectura de *Alba de Gloria* de Castelao (coa colaboración do Galo, a través de Galiza Cultura, coas diferentes AACC da comarca e o grupo de gaitas "Os revoltas do Ulla"). "Ir pola Vila", en memoria de Manuel María, levando a súa poesía aos comercios da Estrada, os cales tiñan distingo de par-

ticipación cun logo especial. "Desde os altos de Lirípio" polo centenario da morte de Ramón de Lirípio, personaxe popular de quen as súas ocorrencias e sucedidos andan por boca da veciñanza como algo xa acollido naquela contorna, realizamos un acto no cemiterio e logo unha actuación no local social a cargo de contacontos (Celso Sanmartín, Barbas Tristes, Alén e Iñáqui Vilariño), os cales nas súas historias transmitiron a idea de que o conto se concreta en nós como conversa ilusionante con substancia de idioma, historia e tradición.

Notamos a necesidade dun impulso político que supere calquera consideración. O diñeiro público para a normalización do noso idioma e cultura gástase sen avaliación e sen dar contas sobre os logros. Temos que obrar con complicidade e intervir polo pensar e o sentir. Sumando ilusións.

**Pé de foto.**

Foto: sinatura.

**Pé de foto.**

Foto: sinatura.

**AASOCIACIÓN DEFENDE  
TAMÉN DA NOSA CULTURA,  
MEMORIA, PATRIMONIO,  
HISTORIA E TRADICIÓN**

# Traballando na defensa do patrimonio

## Colaborando cos centros de ensino

Un dos obxectivos fundamentais no traballo da AC Vagalumes é a defensa do patrimonio, material e inmaterial.

Botamos en falta unha implicación decidida dos poderes públicos municipais para afondar no coñecemento, investigación e na posta en valor de todo o patrimonio que conforma o ADN da nosa Terra e das súas creacións.

Parécenos moi importante, neste ámbito de actuación, a colaboración cos centros de ensino do noso concello, pois somos conscientes de que o alumnado actual, os rapaces e rapazas que o conforman serán os depositarios do herdo que a nosa bisbarra garda nos eidos patrimonial, histórico e cultural. Por iso, foi obxectivo recorrente da AC Vagalumes establecer vencellos coas comunidades educativas. A mocidade de hoxe será quen no futuro poida poñer en valor, dar a coñecer e loitar contra a deturpación que sofre a nosa identidade como pobo e o noso patrimonio. Cómprenos, máis que nunca, a concienciación da xente moza.

Foi así que desde a asociación se levaron a cabo propostas concretas para que o alumnado e as comunidades educativas participasen de forma activa. Colaboramos con eles en varias ocasións e sempre o resultado do traballo en común foi moi positivo.

Parécenos tamén imprescindible manter viva a memoria das persoas que traballaron na defensa do noso patrimonio e da nosa cultura, como é o caso do mestre e polígrafo Olimpio Arca Caldas, nado en Cuntis pero afincado na Estrada. O seu labor abrangueu moitos ámbitos: recuperación da memoria histórica da vila, estudo e divulgación do patrimonio, investigación sobre a biografía e achegas inéditas sobre persoeiros da nosa bisbarra... Especial relevancia tivo tamén o seu labor como mestre e autor de textos de teatro escolar.

Por iso, en recoñecemento ao seu traballo e coincidindo co primeiro cabodano do seu pasamento, a AC Vagalumes elevou ao goberno municipal unha proposta para que se crease unha



Mostra de Teatro Escolar que levase o nome deste mestre sobranceiro. Non obtivemos ningunha resposta, polo que Vagalumes decidiu convocar polos seus propios medios a I edición da Mostra, en colaboración cos centros. A extraordinaria resposta da comunidade educativa demóstranos o apoio á nosa reivindicación.

### Colaborando con outras asociacións

Sempre que foi posíbel, temos colaborado con outras asociacións, tanto da comarca, como de fóra. Tendo en conta o momento político que o noso país está a vivir, cando desde a propia Xunta de Galiza se toman decisións encamiñadas á destrución do noso tecido cultural, parécenos fundamental reunir esforzos na defensa do noso patrimonio, lingua e cultura en xeral.

Desde a súa orixe, a AC Vagalumes ten fixado o seu campo de actuación na comarca Tabeirós-Terra de Montes, polo que a colaboración coas asociacións

de Forcarei e Cerdedo é obxectivo prioritario. Ademais diso, temos colaborado puntualmente en diversos actos con outras asociacións do noso Concello,

**PARÉCENOS TAMÉN  
IMPRESINDÍBEL  
MANTER VIVA A  
MEMORIA DAS PERSOAS  
QUE TRABALLARON NA  
DEFENSA DO NOSO  
PATRIMONIO E DA NOSA  
CULTURA**

como AC Cotomanguelo de Orazo ou Tamparrantán de Sto. André de Veá, que participou na Polafía, celebrada en colaboración coa AELG, e dedicada ao traballo do liño e ás tradicións ligadas a el.

Mais, quizais, o máis salientábel é a celebración todos os anos, desde o 2011, da subida ao Pico Sacro, que Vagalumes organiza xunto coa AC O Galo e a federación Galiza Cultura, en conmemoración da peregrinación realizada por Castelao, acompañado dun grupo de amigos estradenses, a este lugar mítico, no Día da Patria do ano 1924. Esta emotiva celebración, co izado da bandeira, a lectura do Alba de Gloria, o roteiro e o xantar de confraternidade, converteuse nun referente a nivel nacional.

É crucial para o noso país que as entidades culturais colaboren entre

si e nós continuaremos a teimar nese obxectivo.

### Paseando e contando

A idea de pasear, facer camiño e escoitar o que nos contan pareceunos unha interesante forma de achegámonos á xente e de poñermonos en contacto co patrimonio material e inmaterial. Por iso, acompañados da veciñanza, levamos feito varios roteiros que nos serviron para coñecer e dar a coñecer aspectos da nosa historia e do noso pasado cultural. Entre eles, o patrimonio inmaterial, de transcendental importancia para comprendermos a nosa identidade. O patrimonio cultural inmaterial está hoxe en día en risco de desaparición, tanto polo cambio nos modos de vida como pola crecente españolización cultural da nosa sociedade. É urxente recuperalo e salvalo da desaparición.

Un dos primeiros actos que celebrou a nosa asociación foi unha homenaxe popular a Ramón de Liripio, un representante xenuíno das esencias da retranca, a ironía e a máis enxebre filosofía popular, un verdadeiro creador e contador de historias.

**Pé de foto.**

Foto: sinatura.

# Activismo na rede

As novas tecnoloxías permiten unhas potencialidades de traballo cultural que desde a A. C. “Vagalumes” se queren aproveitar en todas as súas posibilidades. A web que se puxo en marcha coa colaboración de “Verbo Xido” serve de inventario e repositorio do patrimonio da comarca. Pouco a pouco vaise enchendo nunha estrutura que no seu esqueleto pretende abranguer fundamentalmente tres dimensións: patrimonio material e inmaterial, medio natural e territorio, e activismo social (memoria histórica, cultura, ensino, literatura...).

Os soportes dixitais permiten acceder a arquivos de audio (conferencias, entrevistas, música...), vídeo (documentais, películas, actos...) e documentos (libros, revistas, xornais, cartas, textos...). Ademais conta cun espazo propio para os creadores actuais. Subliñamos, por exemplo, o arquivo documental de escritores da comarca como Ken Keirades, Cabada Vázquez, Olimpio Arca, etc... que podemos visitar, accedendo a cartas, libros, artigos, etc...

Certo que nestes momentos o seu desenvolvemento é desigual e hai seccións que aínda están sen desenvolver (fundamentalmente as referentes ao medio natural), mais hai apartados moi completos como o referente á memoria histórica cun grande ficheiro de datos, documentos, imaxes, etc... do que supuxo a represión franquista na nosa comarca.

Un dos proxectos nos que se está a traballar é a xeorreferenciación do patrimonio natural e cultural da comarca. A través do google maps está a sinalarse parroquia a parroquia aqueles bens de interese, con fotos e texto, coa posibilidade de poder ser usados polos dispositivos móbiles co fin de ter as indicacións que permitan acceder a eles. Nestes momentos están introducidas todas as entidades de poboación co topónimo correcto. Pronto vai introducirse o texto explicativo sobre cada un deses topónimos e progresivamente van ir sinalándose os bens que posúe cada unha desas parroquias.



## Proxecto Max Carun de coñecer e amar o noso medio natural

Yolanda Paz

Carlos Marcos Caruncho Núñez (Ferrol 8/12/1967–A Estrada 10/07/2015). “Nacín nunha cidade onde a xente fai barcos” era a frase coa que se autodefinía. Esta afirmación é moito máis do que unha realidade obxectiva: facer un barco entre moita xente implica seriedade, tesón, e traballo cóbado con cóbado. Esas eran as liñas mestras do noso amigo Marcos.

As súas paixóns, todas entrelazadas co fío da vida, mantiñano sempre en continua procura de información. Amaba o cosmos, os seus maravillosos planetas e estrelas, a nosa Terra de fantástica flora e fauna.

Foi traballador incansábel do audiovisual, cazador de imaxes e recolector de sons. O seu grande defecto, ou virtude (quen sabe?), era o de non ter a mentalidade de “vendedor” para sacar beneficio económico da súa inxente base de datos.

Os que o sobrevivimos temos agora por diante unha tarefa colosal, que nos desborda polo feito de non poder facer a boa montaxe que tería realizado el.

Marcos Caruncho era un apaixonado da divulgación científica e un namorado da vida en todas as súas expresións. A súa temperá morte deixounos sen a súa enerxía e activismo constante, mais quixeramos manter a chama das súas inxentanzas a través da nosa web, na que iremos progresivamente subindo o seu



### LOIMIL

As Carballedas | De Casares | Charros | Laimil | Laimil do Canallo | O Cutreiro | Paradelas | Parapornin | Riomas | A Sobreira



arquivo gráfico para poñelo a disposición pública e que poida servir para mellor coñecer e valorar o noso medio natural.

As súas fotografías e vídeos vanse ir colocando para que poidan ser vistos e usados para pór en valor a diversidade da vida da nosa Terra. Estas imaxes poden ser baixadas para uso non comercial sen máis requisito que indicar a súa autoría.

O arquivo de Marcos Caruncho quedounos sen que el tivese ocasión de organizalo e etiquetalo; tampouco de filtralo, editalo e depuralo daquelas

imaxes que puidesen ser descartadas. En calquera caso, será o usuario quen decida escollelas ou desbotalas ao seu criterio.

O que imos atopar aquí son milleiros de vídeos e fotografías que nos achegan a súa mirada ao noso medio natural, ás especies animais e vexetais que comparten con nós o noso planeta, concretamente na Galiza e especificamente na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, nos seus ríos e nos seus montes. As aves ocuparán o espazo máis relevante, tal e como era o interese e o gusto de Marcos.

Yolanda Paz é kdjaklf jalkA  
AJFLKAJFLKAJFLK  
adfkjlkajklkajlkfa

Pé de foto.  
Foto: sinatura.

# Vagalumes e o teatro

O interese da Asociación Cultural Vagalumes pola cultura galega e en galego tamén abrangue, por suposto, o teatro, xénero que cultivaron e defenderon tantas grandes figuras da nosa terra como instrumento imprescindible para dignificar a lingua.

N o eido teatral Vagalumes ten promovido varios proxectos de distinta índole, mais co denominador común de achegar ao público espectáculos na nosa lingua. Así, impulsouse a creación dun grupo de teatro amator, "Disfunción Continua Teatro"; fíxose a montaxe dunha presentación escénica sobre Rosalía de Castro, "Daquelas que cantan"; e púxose en marcha, en colaboración cos centros de ensino do concello, o Certame de Teatro Escolar Olímpico Arca.

## Disfunción Continua Teatro

Nunha reunión da Asociación en maio de 2011 xurdiu a idea de crear un grupo de teatro. Non resultaba factible crealo só cos recursos humanos e materiais dos que dispuña a asociación, pero daquela reunión saíu o pulo para buscar persoas interesadas en actuar, local de ensaio, director... Dous meses máis tarde, nacía Disfunción Continua Teatro como unha entidade ligada a Vagalumes, pero con funcionamento e financiamento autónomo. É un proxecto que voou libre para poder gañar amplitude.


Nos cinco anos e medio de existencia, o grupo representou por diversas vilas e aldeas de Galiza tres obras nas que participaron, en total, quince actores afeccionados. Foron máis de corenta actuacións en escenarios moi diversos (teatros, locais de asociacións, carpas, teleclubes...). É a grandeza do teatro amator, poder levar o teatro a lugares onde nunca

van actuar os profesionais, achegar a representación escénica a xentes que viven afastados dos grandes teatros.

## Daquelas que cantan

Para o acto de Vagalumes en celebración do Día de Rosalía no 2015, preparamos unha presentación escénica co título "Daquelas que cantan". Na elaboración contamos coa inestimable axuda de Lucho Penabade, de Os Quinquilláns Teatro, que se prestou a escribir un texto que enlazase os poemas que queriamos incluír e a dirixirnos. O resultado foi unha peña

**Pé de foto.**  
Foto: sinatura.



na que a forza emana dos maravillosos textos da nosa poeta nacional. Queriamos mostrar a vixencia e modernidade de Rosalía nunha conversa da poeta con dúas mulleres actuais. Rosalía materialízase no presente e descobre que as desgrazas que aflixían as clases populares e, en especial, as mulleres do seu tempo, repítense na Galiza actual: desigualdade social, pobreza infantil, abusos, desafuzamentos, emigración da xuventude, soidade... O diálogo entre as mulleres é o fío condutor que leva a Rosalía a lembrar as súas verbas no prólogo de Follas Novas e en poemas como *A xustiza pola man*, *Tembra un neno no húmido pórtico* ou *Tecín soa a miña tea*.

Aínda que a obra fose creada para un acto concre-

## DISFUNCIÓN CONTINUA TEATRO NACEU COMO UNHA ENTIDADE LIGADA A VAGALUMES, PERO CON FUNCIONAMENTO E FINANCIAMENTO AUTÓNOMO

to, representouse logo nun acto organizado pola Asociación Cultural O Galo de Santiago. E no 2016, para celebrar o día de Rosalía en Ribadeo e na EOI de Santiago.

## Certame de Teatro Escolar Olímpico Arca

A creación deste certame de teatro responde a un dos grandes obxectivos da AC Vagalumes: a defensa do

nosos, poñéndoo en valor ou procurando que non caía no esquecemento. Tratábase de lembrar e darlle continuidade ao legado dun recoñecido mestre que empregase o teatro como ferramenta didáctica para mellorar a formación do seu alumnado.

No certame, Vagalumes actuou como organizador pero o elemento esencial e imprescindible foron os cativos e mozos dos centros de ensino que responderon ao convite e acudiron a ler ou representar pequenas pezas. A súa implicación faíanos ter confianza na continuidade do proxecto.

**Pé de foto.**  
Foto: sinatura.

# A loita pola memoria en Tabeirós-Terra de Montes



Xoán Carlos Garrido Couceiro

A batalla pola memoria na comarca de Tabeirós-Terra de Montes comezou da man do nacionalismo á beira da reivindicación de Alexandre Bóveda e Moncho Reboiras xa moi cedo. Agora ben, será a partir dos anos 90 que esta vai collendo máis relevancia e centrando o foco no coñecemento da propia historia local e das vítimas dos nosos concellos. As novas xeracións non tiñamos acceso a esa información nin

**A LOITA POLA ELIMINACIÓN DO RUEIRO FRANQUISTA É UNHA DAS ACTIVIDADES MÁIS SALIENTADAS DA ASOCIACIÓN NO EIDO DA MEMORIA**

aos arquivos onde puidéramos saber disto. Dounos pistas por onde tirar algunha das testemuñas dos feitos. David Ovidio, fillo do escritor Manuel García Barros “Ken Keirades” e Mario Blanco, quen fora alcalde da Estrada no franquismo, mais con sensibilidade galeguista até o punto de ser detido polo propio réxime e caer en desgraza no seu seo por per-

mitir que a bandeira galega e o noso himno fosen exhibidos nas letras galegas do ano 70 na Estrada. A chegada á nosa comarca do historiador Dionisio Pereira animou tamén este labor. E xa a finais dos 90, desde a Asociación Cultural “A Estrada” preténdese poñer un monumento aos mártires da Estrada, sendo desautorizado polo Concello calquera localización co argumento de que non se podían abrir vellas feridas.



No I Congreso da Memoria en Narón preséntanse xa textos sobre a represión na nosa zona, desde Cuntis até o Deza. As asociacións e historia-

dores do norte da provincia de Pontevedra acordamos entón constituírnos como Comisión pola Memoria Senhor Afranio para coordinar os nosos traballos. Mais, o relatorio presentado no Congreso por Dionisio Pereira sobre Cerdedo é motivo dunha persecución contra este autor por citar nomes de represores que logo dun percorrido xudicial e dunha mobilización social do movemento memorialístico acaba resolvéndose coa absolución, mais que deixou en evidencia a dificultade de meterlle o dente a estes asuntos mesmo 40 anos despois dos 40 anos.

A Asociación Cultural “Vagalumes” recolle a tradición deste traballo e mantén a conmemoración do 5 de xuño, data na que son fusilados o alcalde e principais dirixentes republicanos da Estrada no 1937, e conxuntamente con Verbo Xido levan a cabo un censo de vítimas da represión en Tabeirós-Terra de Montes que xa abrangue máis de 700 persoas. Así, no caso da Estrada, dáse conta da historia de 34 veciños asasinados e doutras oito persoas de concellos limítrofes que son paseados no noso concello.

Desde a Asociación recuperáronse diarios de vítimas (“Memorias dun proscrito” de Coto Chan), cartas, causas xudiciais, documentos e sobre todo fotos que poñen rostro aos vencidos. Fixéronse publicacións e documentais (“A derradeira lección do mestre”, “05/06/07”). Ademais de participar nos actos conxuntos no seo da Iniciativa Galega da Memoria ou coas asociacións irmáns da bisbarra, Vagalumes ten celebrado numerosas actividades sobre esta temática entre as que subliñamos a loita pola eliminación do rueiro franquista e o cumprimento da última vontade da corporación republicana de que se lle dedicara unha rúa, ou o acto de homenaxe, a Carracedo da Somoza.

Hixinio Carracedo Ruzo, o líder da resistencia estradense contra o fascismo, foi abatido a finais do 38, desmontando a historia oficial que daba conta de que estas cousas só se produciran ao principio da guerra e de xeito descontrolado. Na cacería de Carracedo participaron 25 falanxistas e cinco Gardas Cívicas e respondeu a unha decisión tomada polas autoridades competentes, non por iniciativa propia.

Entre os actos previstos nesta materia destacamos a proxección do documental da televisión portuguesa sobre as vítimas lusas do franquismo no que se toca o caso do estradense Manuel Graciano Araujo, portugués asasinado por comunista e galeguista.

Xoán Carlos Garrido Couceiro  
é kdjaklf jalkA  
AJFLKAJFLKAJFLK  
adfkjlkajklkajlkfa

**Pé de foto.**  
Foto: sinatura.

**Pé de foto.**  
Foto: sinatura.

## «É fundamental traballar para a recuperación da autoestima colectiva»

**Clara Iglesias,**  
presidenta da  
**AC Vagalumes** é  
a presidenta da AC  
Vagalumes.



### Como foi a orixe da AC Vagalumes?

Vagalumes xorde no ano 2009 e na súa orixe estivo a plataforma Queremos Galego, que se constituíu na Estrada cun grupo de persoas bastante activas e dispostas a traballar, inicialmente no tema da lingua, que naquel momento era verdadeiramente urxente, vistas as medidas regresivas que o goberno do PP, nada máis chegar á Xunta, comezou a aplicar. Ese traballo en Queremos Galego teceu entre nós relacións e xerou debates e reflexións. Pensamos que sería conveniente activar unha asociación cultural que recollese a tradición de asociacionismo que houbera anteriormente no noso concello e que nesa altura estaba completamente desmantelado.

### E cales pensas que serían as razóns desa desaparición do asociacionismo cultural?

Ben, quizais foi debido a unha certa institucionalización do traballo cultural; é dicir, en determinado momento, o Concello comeza a programar e organizar certas actividades ou celebracións tradicionais; estou a pensar, por exemplo, no entroido, que nos anos 80 tivo presenza na Estrada grazas ao traballo do asociacionismo.

### Mais acabas de dicir que vistes a necesidade no ano 2009 de crear unha asociación cultural.

Si, porque o traballo cultural do Concello acabou por centrarse basicamente en actividades relacionadas co lecer ou co deporte. Fáltalle a

orientación reivindicativa e de defensa do país, que nós entendemos que é irrenunciábel, tendo en conta as actuais políticas do goberno galego, encamiñadas e planificadas, ao meu entender, cara á destrución dos nosos sinais de identidade, nomeadamente a lingua, e cara ao menosprezo pola propia cultura. É fundamental traballar para a recuperación da autoestima colectiva e para a posta en valor da nosa identidade cultural e histórica. E por suposto, na defensa da lingua, que é o elemento primordial na conformación do país.

### Estades a desenvolver actividades en distintos ámbitos, tales como literatura, patrimonio, memoria, teatro... Como vedes o futuro do asociacionismo e que obxectivos tedes?

Sentímonos con moita ilusión para continuarmos; tivemos unha boa participación da cidadanía nos nosos actos e un seguimento moi importante da nosa páxina web. Mais tamén sabemos que unha parte considerábel da sociedade descoñece os nosos principais sinais de identidade e a nosa historia. Por iso é tan importante o asociacionismo, para crear un espazo de coñecemento e de reflexión.

O noso propósito é continuar na mesma liña que fomos levando até aquí, no que respecta á organización de charlas, coloquios e actos públicos; seguiremos completando a nosa páxina web con novos datos e achegas. En canto a proxectos máis concretos, estamos agora mesmo coas xestións para a publicación dun libro, tradución e reedición dun texto publicado no ano 1923, que non volveu ver a luz desde aquela, da autoría do que era alcalde naquel momento, Pedro Varela. Trátase dun estudo xeográfico e histórico sobre o Concello da Estrada, que pensamos que pode ser de moito interese para os lectores e lectoras actuais.

Tamén nos parece moi importante a investigación sobre a nosa comarca: historia, memoria, persoeiros...; en concreto, temos o proxecto de publicar un libro sobre a orixe da toponimia do concello da Estrada e está tamén pendente un traballo de recollida e xorreferenciación da microtoponimia. En fin, son moitas as tarefas que temos por diante; pero, como che

dixen, estamos satisfeitos e satisfeitas co realizado até aquí e con disposición a continuarmos.

### Acabas de falar da comarca. Mantedes algunha relación con outras asociacións culturais da vosa contorna?

Aínda que a AC Vagalumes nace na Estrada, a nosa intención desde o primeiro momento foi a de colaborar nun proxecto común coas asociacións da comarca Tabeirós-Terra de Montes; de feito, a páxina web responde plenamente a esa idea: nela participa a AC Vagalumes xunto

coa Asociación Ecoloxista e Cultural Verbo Xido de Terra de Montes e, de feito, hai nela moita información, achegas, colaboracións e datos sobre os outros concellos da comarca, Forcarei e Cerdedo. En canto a isto, quero aproveitar para manifestar a miña total oposición á fusión entre os concellos de Cerdedo e Cotobade, que se fixo sen ter en conta a opinión da veciñanza e sen ningún criterio, como non sexa o dos propios intereses partidarios do PP.

A CORRELACIÓN DE  
FORZAS ENTRE AS  
CLASES POPULARES E  
AS CLASES DOMINANTES  
NON SE MODIFICOU  
SUBSTANCIALMENTE NA  
ÚLTIMA DÉCADA

### Pé de foto.

Foto: sinatura.